



Expediente 673/2022

DECRETO DE ALCALDÍA

CREACIÓN DA COMISIÓN ANTIFRAUDE DO CONCELLO DE TUI. DESIGNACIÓN DE MEMBROS DA COMISIÓN ANTIFRAUDE

Visto que o Pleno da corporación, na súa sesión ordinaria de data 31.03.2022, acordou a aprobación do “Plan de prevención, detección, corrección e persecución da fraude do Excmo. Concello de Tui”.

Visto que segundo dispón o punto oitavo do Plan, para asegurar unha correcta aplicación das medidas antifraude, o Concello de Tui comprométese, con posterioridade á aprobación do Plan, a constituír unha Comisión Antifraude, de composición eminentemente técnica e na que a Presidencia da mesma recaia no/a concelleiro/a delegado/a da área de Facenda e Contratación, e integrada por funcionarios con especial capacitación, formando parte da mesma, en todo caso, o/a Secretario/a Xeral, o/a Interventor/a ou funcionarios/as en quen delegue, o/a funcionario responsable da Unidade de Contratación, así como un funcionario que actuará como secretario da comisión con voz pero sen voto; ostentando o voto de calidade o Presidente da Comisión.

En virtude das atribucións que me confire a lexislación vixente,

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar a constitución da Comisión Antifraude do Concello de Tui, en cumprimento das obrigas derivadas da política antifraude na xestión dos Fondos europeos correspondentes ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que queda integrada polos membros de se recollen no apartado seguinte.

SEGUNDO. Designar como membros integrantes da Comisión Antifraude do Concello de Tui:

- Presidente: Concelleira delegada de Fancenda: Yolanda Rodríguez Rodríguez. Suplente: Alcalde: Enrique Cabaleiro González.
- Secretario/a: administrativo do departamento de contratación: María Jesús Blanco Martínez. Suplente: auxiliar administrativo: Beatriz Pazo Alonso.
- Vocal: o titular da intervención municipal: Bárbara Veiga Vidal. Suplente: o titular da Tesourería municipal: Javier González López-Mosquera.
- Vocal: o titular da secretaría municipal: Pilar Fernández Alonso. Suplente: administrativo do departamento de secretaría: Alba Martínez Domínguez.





EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 - 36700 - Tui

Teléf.: 986 603 625 - Fax: 986 604 148

- Vocal: o técnico de xestión do departamento de Contratación: Jacobo Moreira Ferro. Suplente: Técnico de Emprego e Desenvolvemento local: Paula Bacelo Saá.

TERCEIRO. Dar traslado da presente resolución ás persoas designadas e publicar a presente resolución no Portal de Transparencia e na páxina web municipal.

O Alcalde, Enrique Cabaleiro González

Documento asinado dixitalmente á marxe.

